



### 1. EMPRAZAMENTO



#### DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Corme e Laxe. Municipio: Ponteceso. Parroquias: Santo Adrián de Corme Aldea, ao este; e Nosa Señora dos Remedios de Corme Porto ao oeste. Extensión: 4,32km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Forma parte do macizo granítico de Roncudo, basculado de norte-sur, formando parte da vertente menos inclinada. Iso establece unha diferenza coas vertentes setentrionais do macizo. Neste caso, seguindo as liñas de fracturas, pequenos cursos fluviais degradan a superficie inclinada e dan lugar a unha paisaxe máis ondulada e sucada. Esta degradación acaba por dar lugar a unha vertente regular e suavemente cóncava na parte frontal da unidade. O baleirado dos sedimentos erosionados e a menor enerxía das ondas permite a aparición de sedimentos areosos nunha fronte que sería maiormente acantilada e baixa e que se encontra bastante transformada polo desenvolvemento portuario e urbanístico de Corme. As cimas da unidade tenden a unha superficie suavemente ondulada e chaira.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade completamente composta polo granito hercínico "Tipo Laxe", de dúas micas, de gran medio a groso, lixeiramente orientado. Existe un dique pegmoplítico no Carral. A praia de Osmo presenta salientables depósitos de areais cuaternarios.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual maior de 14°C e amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C. Precipitacións medias acumuladas entre 1200mm e 1400mm aínda que algo inferiores na franxa costeira. A unidade inclúese no dominio climático Cálido e Húmido.

#### OS SOLOS

Dominio dos cambisols dístricos, que ocupan a maior parte da unidade, aínda que nas partes altas do norte da unidade, onde existen máis afloramentos rochosos, aparecen leptosols líticos.


#### AS AUGAS

A menor inclinación nesta vertente do macizo de Roncudo permite o desenvolvemento de arrosos de certa importancia que desembocan nas praias da zona urbana de Corme. Destaca o arroyo de Corme, que desemboca na praia da Arnela, no límite meridional da masa de Augas Costeiras 20134.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao (IBA) Costa da Morte. Costa moi modificada polo crecemento da vila e porto de Corme. Sector acantilado baixo no SE da unidade co hábitat 1230 de cantís costeiros atlánticos, e 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. As praias de peto de Arnela e Osmo, contan con pequenos sectores Del grupo de hábitats 21, dunas marítimas das costas atlánticas. Ao interior, aínda que en moitos casos degradados, domina o hábitat 4030 breixos secos europeos. Ademais, en chanzos das valgas, pode aparecer o 4020, breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix que poderían evolucionar cara pequenas turbeiras (hábitats do grupo 71). Os bosques de ribeira (91E0) están limitados por eucaliptais, quedando algunhas áreas de interese nos arrosos de Forcadas e Corme. Neste último, se acompaña de prados húmidos dos hábitats 6420 e 6430. Numerosos afloramentos co grupo dos hábitats rochosos do 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Os tipos de coberturas e usos do solo que se dan na unidade están relacionados coa súa localización na vertente sur do alto do Castelo do macizo granítico do Roncudo. Así, nas partes máis altas, dominan as formacións vexetais de porte arbustivo asociadas aos espazos costeiros como no que nos atopamos. No medio desta orla e a menor altitude, aparece un grande espazo central ocupado por monocultivos de especies forestais, principalmente piñeiro e eucalipto, entre os que se intercalan pequenos espazos abertos cubertos de matogueira. Na fronte litoral, dada a súa menor pendente, localízanse núcleos de poboación como As Regadiñas, A Escobia, Vilagarcía ou a vila mariñeira de Corme que xerarquiza ao redor de si e ao seu porto pesqueiro todos os asentamentos circundantes. Ao redor deste espazo costeiro e rodeando os asentamentos aparecen as agras ocupando os solos máis profundos que se dan nas proximidades dos arrosos que cruzan a unidade.

#### MORFOLOXÍA

Porto de Corme é un Núcleo de Identidade Litoral dada a súa posición estratéxica, como porta de acceso ao territorio e rótula entre a terra e o mar. A estrutura urbana de Corme sufriu varias transformacións ao longo dos anos. Desde sempre Corme estivo fortemente vinculado aos usos pesqueiros. Co paso dos anos a actividade pesqueira de Corme prospera significando así o aumento de poboación de Corme-Porto en detrimento de a parroquia orixinal de Corme-Aldea Esta actividade trouxo a prosperidade a Corme a principios do século XX, época na que se atopan a pleno rendemento oito fábricas de conservas, unha cetaria de lagostas, numerosos mercantes, tarrafas e outras embarcacións menores. O núcleo orixinal localízase en torno ao antigo porto; con vivendas de dúas ou tres alturas, de fachada estreita e moi próximas unidas ás outras de tal maneira que entre elas se debuxa un mapa de angostas rúas. Nos anos sucesivos o crecemento do núcleo sitúase ao norte da praia de Arnela; agora as vivendas pasan a ser edificios de até cinco alturas entre os que se abren espazos e prazas dedicadas ao lecer. As rúas son máis anchas, aptas para o tránsito de vehículos, comunicando a vila cos núcleos rurais (aldeas) que aparecen na periferia. Este crecemento concéntrico apóiase na estrada AC-414 que actúa como aglutinante para as novas edificacións (vivendas unifamiliares illadas) que se sitúan nas súas marxes creando un "continuo construído" desde Corme-Porto até Corme-Aldea). Pola súa banda o parcelario compón un mosaico de pequenas propiedades cuxa estrutura se enmarca nunha tipoloxía minifundista.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal estrada da unidade é a AC-414 que une Carballo con Malpica. Trátase dunha vía de tipo primario-complementario de grande importancia na unidade dado que, ademais de concentrar ao redor de si as novas edificacións, tamén constitúe a principal vía de entrada á vila de Corme comunicándoa coas aldeas veciñas. Ao redor desta estrada créanse unha serie de camiños rurais que posibilitan o desprazamento por toda a unidade desde os espazos litorais até as zonas altas da mesma. Pola súa banda o porto de Corme perfílase como o motor económico de toda a zona. As sucesivas ampliacións que experimentou nos últimos anos dótano de todos os servizos necesarios para a práctica e o desenvolvemento de todo tipo de actividades ligadas ao sector pesqueiro, especialmente a pesca de baixura e o marisqueo a pé.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

A presenza da cultura Castrexa na zona reflíctese na presenza de múltiples petróglifos na unidade como os situados en Meixoeiro, A Regadiña, e Agra do Cairo. De épocas máis recentes son os elementos patrimoniais recollidos en diferentes catálogos polo seu interese cultural ou artístico. Así, na vila de Corme, aparecen varias casas cuxa arquitectura reflicte a tradición e o saber facer dos seus habitantes. O misticismo asociado á Costa da Morte deriva nunha profunda relixiosidade dos seus habitantes tal e como o testemuña a presenza de numerosos cruceiros repartidos polo centro urbano ou a fermosa e concorrida igrexa de Nosa Señora dos Remedios. Pazos, muiños, hórreos, fontes e mesmo unha antiga cetaria completan o rico patrimonio cultural que poderán admirar os miles de persoas que, cada primeiro sábado do mes de xullo, acoden á celebración da coñecida Festa do Percebe.

#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A importancia do sector pesqueiro na unidade reflíctese no crecemento de Corme. Ao redor del estrutúranse os restantes asentamentos que dependen económica e funcionalmente do núcleo urbano para labores económicos e administrativos. Esta cefalia urbana crea sinerxías chegando a producirse tensións lineais derivadas da presenza de "continuos construídos" ao redor da estrada AC-414 na súa chegada á vila mariñeira. Nos últimos anos, Corme, está a perder peso no desempeño das funcións económico-administrativas en favor de Ponteceso, a pesar do que mantén o seu carácter de núcleo económico dinámico, de profunda tradición pesqueira no que as súas xentes unen tradición e modernidade no desempeño de oficios tan perigosos como o de percebeiro.

#### DINÁMICA DA PAISAXE

#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

A beleza natural desta parte do litoral unida á presenza da vila de Corme crea unha composición paisaxística de gran calidade. Mantense o aproveitamento tradicional do espazo cunha economía baseada na explotación dos recursos mariños e apoiada no agro como complemento. Configúrase unha contorna costeira dual, rico en matices no que conviven os modelos económicos tradicionais cun sector en franco crecemento, o turismo. Estamos, en definitiva, ante un espazo cheo de matices e contrastes ideal para gozar da natureza ou saborear os produtos do mar mentres paseamos por rúas de Corme. A costa, recortada e agreste, conta con espazos ideais para o descanso como as praias de Arnela e Osmo próximas a Corme o que lle confire á unidade unha gran consistencia escénica. Estes espazos costeiros conéctanse co interior por medio de senllos regachos que, a modo de corredores, convidan ao visitante a gozar de todo a contorna. Proponse dous puntos de observación. Un deles está situado no dique do porto desde o que se obtén unha panorámica da costa coa Illa da Estrela en primeiro termo e o monte Castelo ao fondo tras a vila de Corme. O segundo punto de observación situámolo no Monte Castelo desde o que é posible ollar toda a unidade e gran parte da costa así como ter unha perspectiva xeral de todo este sector da ría de Corme e Laxe.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



